



*Documento de INSTRUCCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN FINAL das axudas para o fomento da contratación de tecnólogos para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (PROGRAMA PRINCIPIA) convocada pola [Resolución do 23 de decembro de 2019](#)*

*O artigo 25.ñ) da dita resolución de convocatoria establece como obriga das entidades beneficiarias a presentación da **xustificación final da axuda percibida**.*

*A dita xustificación deberá realizarse tendo en conta o previsto nas seguintes instrucións:*

**A. Prazos:**

*1. **Trece meses** contados desde o **inicio de cada contratación incentivada** incluídas as posibles substitucións e independentemente da duración do dito contrato (sexa temporal ou indefinido).*

**B. Documentación:**

- 1. Memoria final resumo das actividades de I+D+i realizadas polo persoal contratado, debendo achegarse unha por cada contrato incentivado (Anexo VIII).*
- 2. Copias das nóminas aboadas ao persoal contratado así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento.  
Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.*
- 3. Impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerarase xustificado coa presentación dunha declaración (Anexo IX) dos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores incentivados, quedando as entidades obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación, unha vez se dispoñan dos mesmos.*
- 4. No caso de que se lle concedese **bono de formación**:*
  - 4.1. Facturas que acrediten a realización da acción formativa, previamente validada, que detalle a denominación acción formativa, o número de horas impartidas e o importe total correspondente. Así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento.*
  - 4.2. Copia dos partes de firmas asinados pola persoa que imparte a formación e pola persoa traballadora por cada sesión diaria de formación.*
  - 4.3. Informe de aproveitamento favorable asinado pola persoa que imparte a formación e pola persoa traballadora*

### Nota sobre os puntos 4.2 e 4.3:

O contido mínimo que deberán incluír é, no caso dos dous documentos e para cada persoa traballadora, nome, provedor, datas, lugar, número de horas e modalidade da formación que se imparte e as nome e apelidos e sinatura da persoa traballadora e de quen imparte a formación.

Exemplo:

Nome da formación	Provedor <sup>1</sup>	Datas	Lugar	Número de horas <sup>2</sup>	Modalidade <sup>3</sup>
Formación 1	Empresa/Autónomo A	21/12/20	Oficina formador	8	Presencial
Formación 1	Empresa/Autónomo A	05/01/21	Oficina formador	6	Presencial
Formación 1	Empresa/Autónomo A	12/01/21	Oficina formador	7	Presencial
Formación 2	Empresa/Autónomo B	03/02/21	Oficinas da empresa	8	Presencial
Formación 2	Empresa/Autónomo B	10/02/21	Oficinas da empresa	5	Presencial
Formación 2	Empresa/Autónomo B	17/02/21	Oficinas da empresa	8	Presencial
<b>Numero de horas totais</b>				<b>42</b>	

Persoa traballadora		Persoa que imparte a formación	
Nome e apelidos	Sinatura	Nome e apelidos	Sinatura

### C. Contratacións temporais:

No prazo dun **mes** contado desde o **remate da duración temporal** de cada contratación incentivada:

- Copia da vida laboral actualizada do persoal contratado aos efectos de comprobar o requisito de permanencia establecido no artigo 25.m da resolución de convocatoria

### D. Contratacións indefinidas:

No prazo dun **mes** contado desde o transcurso do **período de 2 anos** de cada contratación incentivada:

- Copia da vida laboral actualizada do persoal contratado aos efectos de comprobar o requisito de permanencia establecido no artigo 25.m da resolución de convocatoria

1 A acción formativa será impartida por un **provedor externo** [art.4.3.b]

2 A acción formativa terá unha **duración total mínima de 40 horas** [art.4.3.b]

3 Exclúense aquelas formacións impartidas polas modalidades de teleformación e a distancia. Polo que só poderá ser **presencial** [art.4.3.g]

***E. Forma de presentación:***

*A través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), no trámite común/acción no seu expediente "achega documentación xustificativa".*

*Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022  
A Axencia Galega de Innovación  
[servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)*